

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 28/12/2018 13:13:05

SAIDA

16591/18

Consellería de Economía, Emprego e Industria

Edificio Administrativo San Caetano

15781 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Reclamante [REDACTED] en representación de [REDACTED]

Expediente. Nº **RSCTG 118/2018**.

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] en representación de [REDACTED], mediante escrito do 9 de outubro de 2018, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta o seguinte acordo:

ANTECEDENTES

Primeiro. D [REDACTED] en representación de [REDACTED] presentou, mediante escrito do 9 de outubro de 2018, que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 10 de outubro de 2018, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a resolución da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 27 de agosto de 2018, pola que se lle concede á empresa [REDACTED], previa disociación dos datos de carácter persoal aos que fai referencia a Lei Orgánica 15/1999 e aqueles cuxo contido poda inferir naquela información relativa á estratexia empresarial ou comercial da entidade explotadora, a información referente aos expedientes da Canteira Pol da que é titular da autorización de "aproveitamento dos recursos da sección A" a entidade [REDACTED] e na que se establece que no referente á información na que houberse oposición de terceiro, non se dará acceso ata que transcorra o prazo que sinala o artigo 22.2 da Lei 19/2013

O reclamante no seu escrito, en síntese, manifesta que a amplitude material e temporal da solicitude, deixa ben claro que a intención que subxace á petición de acceso á información, non se corresponde coa finalidade da normativa de transparencia e bo goberno, xa que o ámbito material da petición é amplísimo e, en consecuencia, excede, con moito, o ámbito estritamente necesario para garantir o dereito de todos os cidadáns de acceder á

información pública. A petición evidencia que a entidade solicitante pretende un uso fraudulento do citado dereito, pretendendo obter por esta vía documentación e información sensible, de carácter mercantil e comercial, á que non tería acceso de ningunha outra maneira.

Considera que parte da documentación solicitada por ██████████ non ten, nin pode ter de ningún modo, a consideración de información pública, por canto da petición de "documentación acreditativa do cumprimento das condicións do outorgamento" solicitada, parece intuírse que se está pedindo a emisión dunha sorte de certificado "ad hoc" de cumprimento das condicións de outorgamento do dereito mineiro, que non obra en poder da Administración no momento en que se formula a petición, polo que a normativa en materia de transparencia non pode servir para obter documentos administrativos inexistentes.

Ou artigo 14 da Lei estatal de Transparencia establece que o dereito de acceso debe estar limitado cando acceder á información pública supoña un prexuízo para intereses económicos e comerciais, o segredo profesional e a propiedade intelectual e industrial e no presente caso, pola natureza dos documentos que solicita ██████████ é evidente que tal petición afecta, directa e inevitablemente, aos intereses económicos e comerciais de ██████████ e, sobre todo, supón un claro prexuízo para a protección do seu dereito ao segredo profesional e á propiedade intelectual e industrial.

Neste sentido, de conformidade coa Directiva 2016/943, relativa á protección dos coñecementos técnicos e a información empresarial non divulgada, entenderase por segredo industrial ou profesional: "a información que reúna todos os requisitos seguintes: a) ser secreta no sentido de non ser xeralmente coñecida polas persoas pertencentes aos círculos en que normalmente se utilice o tipo de información en cuestión, nin facilmente accesible para estas; b) ter un valor comercial polo seu carácter secreto; c) ser obxecto de medidas razoables, nas circunstancias do caso, para mantela secreta, tomadas pola persoa que lexitimamente exerza o seu control".

De acordo co anterior, considera evidente que os plans de labores conteñen información que reúne os tres requisitos necesarios para ser considerada "segredo comercial ou industrial" xa que se trata de documentación cun eminente valor comercial que se enmarca dentro do segredo empresarial, no I+D+i e "know-how" propio de ██████████, sen que resulte pois admisible o acceso á mesma por parte de ██████████ máxime cando se trata dun competidor directo, e o mesmo cabe predicar en relación co proxecto de explotación.

Por tanto, considera que ██████████ non pretende acceder á información solicitada para coñecer e "controlar" a actuación desta Administración, senón para ter un coñecemento íntegro das actividades e do "know-how" dunha empresa competidora como é ██████████ e esta actuación non se corresponde en absoluto coa finalidade da normativa sobre transparencia examinada e supón un uso torticero e fraudulento do dereito de acceso á

información pública e, en consecuencia, é evidente que a petición formulada por [REDACTED] ten un carácter abusivo e debe ser inadmitida.

Considera o reclamante que a petición de acceso á información pública formulada por [REDACTED] debe entenderse desestimada por silencio administrativo e a Resolución da Consellería non é conforme a Dereito e debe deixarse sen efecto, por ser ditada extemporaneamente e contravinendo o disposto na normativa sobre transparencia examinada, que obriga a entender desestimada a solicitude de acceso á información pública formulada por [REDACTED]

O reclamante considera que a resolución non é conforme coa normativa en materia de transparencia cando establece que tendo en conta a grande cantidade de documentación solicitada, e que algún documentos conteñen datos protexidos que deben ser dissociados, a documentación sexa posta a disposición do solicitante nun prazo de 15 días, cando a normativa sobre transparencia obriga á Administración que concede o acceso á información pública, no caso de que houberse oposición por parte de terceiros, a non permitir o acceso á documentación ata que transcorrese o prazo para a eventual interposición de recurso contencioso administrativo contra a resolución que concede o acceso.

No presente caso, o devandito prazo non transcorrería, estando expedita a vía contencioso administrativa ata o día 8 de novembro e, en consecuencia, baixo ningunha circunstancia, a Consellería podería permitir o acceso de [REDACTED] á información solicitada.

Entrando no fondo do asunto, o reclamante considera que os plans de labores conteñen información que reúne os tres requisitos necesarios para ser considerada "segredo comercial ou industrial", dado que constitúen documentos de carácter eminentemente técnico nos que os titulares de permisos de investigación e/ou explotación recollen todos os datos e planos relativos á situación, extensión e profundidade das labores, tanto antigas como actuais, recollendo características do xacemento e do recurso para explotar (cunha descrición xeolóxica do terreo), datos tanto das reservas seguras como das probables, contemplándose incluso a produción anual da canteira, labores de investigación os tipos de produtos amoreados tanto en número de existencias como en cantidade, descrición dos medios dispoñibles na explotación, restauración e establecemento de beneficio, incluídas as altas e baixas de maquinaria así como os datos existentes tanto do persoal propio como contratado (cos seus datos persoais), as producións e rendementos nas unidades de explotación, onde se reflicten a produción bruta, vendible, e cocientes xunto cos rendementos, os consumos de explosivos e o esquema de disparo e conexión, investimentos, custos e orzamentos de gastos; tanto de explotación como de establecemento de beneficio. Cos devanditos datos pódense obter tanto os custos globais como unitarios tanto na unidade de explotación como o correspondente ao establecemento de beneficio, documentos de seguridade e saúde (incluído enfermidades profesionais), factor de esgotamento coas súas dotacións e investimentos, memoria descritiva dos investimentos financiados con cargo ás dotacións do factor de esgotamento, plano de

dereitos, que inclúe o perímetro autorizado dos terreos, propios e arrendados, así como os perímetros da explotación, instalación, vertedoiros, etc., plano de labores actualizado, detallando os labores efectuados durante o ano anterior e as previstas para o ano en curso, perfís de cubicación, plano de instalación de preparación mecánica, diagrama de fluxo de materiais e produtos que trátase de documentación cun eminente valor comercial que se enmarca dentro do segredo empresarial e no I+D+i e "know-how" propio de ██████████, sen que resulte pois admisible o acceso á mesma por parte de ██████████, máxime cando se trata dun competidor directo.

Exactamente o mesmo cabe predicar en relación co proxecto de explotación, non debendo esquecer que o mesmo inclúe, entre outra, información relativa á descrición xeolóxica do xacemento así como o orzamento xeral, incluíndose na descrición xeolóxica apartados tan relevantes como a estratigrafía da formación Vegadeo na zona asturoccidental-leonesa. Igualmente contempla unha xeoloxía local ou de detalle, detallando a estratigrafía e tectónica, inclúe unha descrición xeolóxico-mineira da área recoñecida en sectores, resultados das investigacións realizadas e características do mineral, incluíndose ensaios físico-químicos (resistencia a compresión simple, densidades, desgaste dos anxos, coeficiente de pulimento acelerado, etc.) así como ensaios de caracterización química e de probeta de morteiro.

Considera evidente que todos os documentos enumerados, tanto no caso dos plans de labores como do proxecto de explotación, son froito do "know-how" industrial de ██████████, polo que, a estimación da petición de acceso de ██████████ a tales documentos, supón outorgar a esta última unha vantaxe competitiva, en detrimento do dereito de ██████████ á protección dos seus segredos industriais.

No presente caso, polos motivos xa expostos, en atención ás circunstancias concorrentes e á natureza da documentación solicitada, ██████████ non pretende acceder á información solicitada para coñecer e "controlar" a actuación desta Administración, senón para ter un coñecemento íntegro das actividades e do "know-how" dunha empresa competidora como é ██████████

No presente caso, a solicitude formulada por ██████████ non se fundamenta no interese lexítimo de coñecer como se toman as decisións públicas, baixo que criterios actúan as institucións públicas nin como se manexan os fondos públicos e, en consecuencia, tal solicitude non está xustificada coa finalidade da Lev, o que leva que deba reputarse abusiva e deba ser inadmitida.

Segundo. O 2 de novembro de 2018 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Economía, Emprego e Industria para que, en cumprimento da normativa de transparencia, remitise informe e copia completa e ordenada do expediente. Consta a recepción do dito traslado o 8 de novembro de 2018.



Terceiro. O 23 de novembro de 2018 ten entrada no rexistro do Valedor do Pobo oficio da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria co que remite copia do expediente e informe no que en síntese manifesta o seguinte:

A solicitude inicial de acceso ao expediente da Cantera Pol nº 316 da que é titular ██████████, foi presentada o día 23 de abril de 2018 polo representante de ██████████, empresa que é titular do dereito mineiro colindante Estefanía nº317. Con data do 30 de abril requíreselle o solicitante que concrete a información á que quere ter acceso, con indicación de que durante ese prazo quedará en suspenso a tramitación do dito expediente.

Con data do 5 de maio de 2018, a entidade concreta a documentación á que solicita acceso, consistente no expediente de outorgamento da concesión mineira, a documentación acreditativa das condicións do outorgamento e os plans de labores dos últimos cinco exercicios.

Con data do 22 de maio déuselle traslado da solicitude a entidade ██████████ de conformidade co disposto no artigo 19.3 da Lei 19/2013, por considerar que a información solicitada puidese afectar aos seus dereitos ou intereses e con data do 19 de xuño de 2018 a referida empresa remite escrito de alegacións cuxas argumentacións se recollen na resolución do procedemento de data do 27 de agosto de 2018.

A resolución do 27 de agosto de 2018, da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Lugo, permite o acceso e facilitar copia, previa disociación dos datos de carácter persoal e aqueles cuxo contido poda inferir naquela información relativa á estratexia empresarial ou comercial da entidade explotadora, de todos os documentos concretos solicitados.

É necesario tamén poñer de manifesto que ambas empresas son titulares de dereitos mineiros colindantes e que teñen un conflito de delimitación da superficie ente elas, poñendo de manifesto que ██████████, tomou vista do expediente do dereito mineiro colindante "Estefanía nº 317" titularidade de ██████████ en numerosas ocasións e retirando numerosas copias.

Considera o informe da Dirección Xeral de Industria que dado que os expedientes dos que se solicita información son expedientes finalizados, non se pode considerar que nin o solicitante nin o titular da información teñan a condición de interesados, polo que non é de aplicación a Disposición adicional primeira da Lei 19/2013, por canto se ben existe un conflito de intereses entrambos titulares de dereitos mineiros, o acceso que se solicita afecta a expedientes finalizados.

A Resolución que se impugna concede acceso e copia de toda a información solicitada, previa disociación dos datos de carácter persoal e de aqueles cuxo contido poda inferir naquela información relativa á estratexia empresarial ou comercial da entidade explotadora.

Respecto da información á que foi presentada oposición polo reclamante, non se dará acceso ata que transcorra o prazo que sinala o artigo 22.2 da Lei 19/2013, (prazo para interpoñer recurso contencioso-administrativo).

Considera o informe que o procedemento tramitouse de forma correcta e se ponderaron todos os dereitos en xogo, e se ben superouse o prazo dun mes de resolución, debe terse en conta que o solicitante non concretou a súa solicitude ata o día 15 de maio e solicitouse unha suspensión para formular alegacións, presentando estas finalmente o día 19.06.2018.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das ditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación se axustará ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A lei 1/2016, de 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera

que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma se configuran de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións se pode falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente existencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa, debendo a reclamación interperse dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado.

No presente caso, tal e como consta no selo do Rexistro electrónico da Xunta de Galicia, a resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, tivo saída o 28 de agosto do 2018, e foi rexeitada por non acceder en prazo o día 8 de setembro de 2018. O reclamante presentou a súa reclamación o 8 de outubro de 2018, segundo consta no selo de Correos da súa reclamación, que tivo entrada no Rexistro do Valedor do

Pobo o día 9 de outubro de 2018, polo que debe admitirse a reclamación presentada por estar en prazo, de conformidade co disposto no artigo 24 da Lei 19/2013.

Quinto.- Análise do expediente

O reclamante considera que a solicitude de acceso á información pública por parte de ██████████ non se corresponde coa finalidade da normativa de transparencia porque o ámbito da información solicitada é moi amplía e que pretende un uso fraudulento do citado dereito para obter por esta vía documentación e información sensible, de carácter mercantil e comercial, á que non tería acceso de ningunha outra maneira e debe negárselle o acceso, dado que o que solicita é un certificado "ad hoc" de cumprimento das condicións de outorgamento do dereito mineiro que non obra en poder da Administración.

Debemos ter en conta que a normativa en materia de Transparencia, ten por obxecto ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso á información relativa ao cumprimento da normativa na actuación da Administración, e as consecuencias que se poidan derivar do seu incumprimento. No presente caso, a instancias da Administración actuante, o solicitante concretou a súa ampla solicitude inicial sobre a que interesaba o acceso, consistente na información referente ao expediente de outorgamento da concesión mineira, documentación acreditativa das condicións do outorgamento e plans de labores dos últimos cinco exercicios.

Non cabe dúbida que a dita información debe encadrarse dentro do concepto de información pública que establece o artigo 24 da Lei 1/2016, xa que se trata de documentos que obran en poder da Administración e que foron adquiridos para o exercicio da súa función, neste caso, o outorgamento dunha concesión mineira, polo que non poden aceptarse as alegacións do reclamante non senso de que o solicitado non ten tal carácter.

Por outra banda, alega o reclamante que, dado que a Administración non resolveu en prazo a solicitude de acceso á información, debe entenderse desestimada por silencio administrativo e por tanto no procede ditar resolución de concesión de acceso. Non pode aceptarse esta alegación, por canto de conformidade co establecido no artigo 24.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a desestimación por silencio administrativo ten unicamente como efecto, o de permitir aos interesados a interposición do recurso administrativo ou contencioso-administrativo que resulte procedente, e a resolución expresa posterior ao vencemento do prazo, debe adoptarse pola Administración que resolve tardiamente, sen vinculación algunha ao sentido do silencio.

Resoltas as anteriores cuestións, debe analizarse dúas cuestións para poder chegar á resolución da reclamación plantexada: en primeiro lugar si a información solicitada ten carácter ambiental, en cuxo caso a súa tramitación ata a resolución, incluída a fase de recurso, deben rexerse pola Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información medio ambiental, participación pública e xustiza en materia de medio

ambiente, e en segundo lugar, si se aplicaron correctamente os límites de acceso ao dereito á información pública referidos á protección dos intereses comerciais e económicos alegados polo reclamante, en aplicación do disposto no artigo 14 en relación co artigo 16 da Lei 9/2013.

Respecto do carácter ambiental da información solicitada, debemos ter en conta que o concepto de información ambiental contido na Lei 27/2006, e nas Directivas Europeas 2003/4/CE e 2003/35/CE é dunha gran amplitude, afirmándose en diversas sentencias Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas que o concepto de información medioambiental abrangue calquera información relativa ao estado dos distintos elementos do medio ambiente, as actividades ou medidas que poidan afectar ou protexer o estado dos devanditos elementos, incluídas as medidas administrativas e os programas de xestión do medio ambiente, debendo ser interpretada a directiva no senso de que no concepto de medidas administrativas, non se debe excluír ningunha das actividades que desenvolve a autoridade pública, debendo incluírse todas as formas de exercicio de actividade administrativa. O Tribunal mantén que para que unha información se considere que versa sobre medio ambiente a efectos da Directiva, basta que un informe da Administración constituíse un acto que puidese afectar ou protexer o estado dalgún dos sectores do medio ambiente aos que se refire a Directiva.

No presente caso, a información solicitada consistente no acceso ao expediente de outorgamento da concesión mineira, documentación acreditativa das condicións do outorgamento e plans de labores, parece que en principio pode ter un importante contido ambiental, por canto nos propios plans de labores mineiros, de acordo co establecido na Resolución da Consellería de Innovación e Industria do 22 de decembro de 2008 (DOG nº 20, do 29 de xaneiro de 2009), pola que se aproba e se fai público o novo modelo do Plan de labores de actividades mineiras, existen numerosas referencias a información medioambiental, tales como información sobre control hidroxolóxico, drenaxes, balsas e presas de decantación e de residuos, destino de lodos, destino dos lodos, materias primas tratadas, produción de residuos e o seu destino, restauración e condicións ambientais impostas, informes de seguimento ambiental anual, entre outros.

De acordo co anterior, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Primeira da Lei 19/2013, debe inadmitirse a reclamación no referente ao outorgamento do acceso a aquela información que teña carácter ambiental, por carecer esta Comisión de competencias ao ter esta materia previsto un réxime xurídico específico, tanto no procedemento de acceso á información como nos procedementos de recurso, pola súa normativa específica, e supletoriamente, no non previsto, pola normativa en materia de transparencia.

Con respecto da segunda cuestión plantexada, referida a si se aplicaron correctamente os límites de acceso ao dereito á información pública en canto á protección dos intereses comerciais e económicos alegados polo reclamante, da copia do expediente remitido pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, non cabe senón concluír que se cumpriu co

disposto na normativa aplicable en materia de transparencia coa correcta aplicación do disposto no artigo 14 en relación co artigo 16 da Lei 9/2013.

O referido artigo 14 establece os límites ao dereito de acceso á información que poden ser aplicados mediante resolución motivada, e sempre que o acceso á información supoña un prexuízo real e non meramente hipotético, a algún dos bens públicos ou privados mencionados, tendo en conta que a aplicación dos límites será xustificada e proporcionada, atendendo ás circunstancias do caso concreto e, especialmente, á existencia dun interese superior que xustifique o acceso.

Neste senso, a sentenza do Tribunal Supremo nº 1547/2017, consagra a necesidade de interpretar de xeito restritivo os límites e excepcións legais e resolve que cando o acceso á información supoña un prexuízo para os intereses económicos e comerciais, as limitacións contempladas no artigo 14, o mesmo que sucede coas causas de inadmisión de solicitudes de información que establece o artigo 18, deben ser interpretadas de forma estrita e partindo da premisa de que o dereito de acceso á información aparece configurado no noso ordenamento cunha formulación ampla, de xeito que só son aceptables as limitacións que resulten xustificadas e proporcionadas.

Os límites establecido no artigo 14 da Lei, a diferenza dos relativos á protección dos datos de carácter persoal, non se aplican directamente, senón que de acordo co que establece o artigo, *podrán* ser aplicados, non operando nin automaticamente a favor da denegación nin absolutamente en relación aos contidos, debendo estar ligada a protección concreta dun interese racional e lexítimo coa invocación de motivos de interese público para limitar o acceso á información.

No presente caso e tal e como figura no expediente, dado que a solicitude de información podía afectar a dereitos ou intereses de terceiros, concedéuselle a [REDACTED] o correspondente prazo para formular alegacións de acordo co disposto no artigo 19 da Lei 19/2013, e en base ás mesmas e a valoración feita pola Administración actuante, a resolución impugnada contempla expresamente que o acceso se concede de forma parcial, omitindo os datos de carácter persoal, así como a información referente á estratexia comercial ou empresarial da entidade explotadora, de conformidade co establecido no artigo 16 da Lei, por estar afectado polos límites dos artigos 14 e 15, dándose o acceso, de acordo co disposto no artigo 22, unha vez transcorrido o prazo para interpoñer o correspondente recurso contencioso-administrativo sen que este se formalizase, ou fose resolto confirmando o dereito a recibir a información. Por tanto, a Administración actuou de acordo co establecido na normativa en materia de transparencia, no referente á protección dos datos de carácter persoal e información de contido comercial ou industrial, polo que procede a desestimación da reclamación presentada por estes motivos.

De acordo co anterior, procede a inadmisión da reclamación presentada no referente á información que teña carácter medioambiental e a súa desestimación no referente ao

acceso á información protexida pola normativa en materia de protección de datos de carácter persoal e información de carácter comercial ou económica, por terse aplicado correctamente os límites establecidos nos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia


ACORDA

Único: Desestimar a reclamación presentada por ■■■■■ en representación de ■■■■■ contra a resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 27 de agosto de 2018, pola que se concede acceso á información a ■■■■■ previa disociación dos datos de carácter persoal e a información relativa á estratexia empresarial e comercial, agás no referente á concesión de acceso á información que teña carácter ambiental que se inadmite por non carecer esta Comisión de competencia para resolver.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia


Milagros Otero Parga